

Rúa

Reclamante: [REDACTED]

Exdte. Nº RSCTG 0041/2016

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En resposta á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 10 de outubro de 2016, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 11 de outubro de 2016, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desatendida unha solicitude de acceso á información por parte do Concello de Baiona.

A interesada indicaba que a Consellería de Emprego e Industria da Xunta de Galicia, mediante a directora da oficina de emprego de Baiona, redactou todos os informes elaborados polo INEM e solicita *“documentación de las mentiras que, aun poniendo en conocimiento con documentación, lo han consentido durante años”*. A interesada menciona uns escritos, que ela presentara na Consellería e que din que non se lle contestaron e que son de 22/04/2016 número 814/RX1079180 e de 03/06/16 con número e rexistro 1107/RX1513393.

O contido dos informes recollen a atención que se lle deu tanto a [REDACTED] como a [REDACTED] e da datos como que se lle pide información *“mesmo sobre cuestións que transcenden o ámbito competencia desta oficina de emprego”* e que fan preguntas

“sobre procedementos de selección de candidatos, ofertas de emprego e cursos de formación, en moitas ocasións xa pechados fai tempo” igualmente se indica noutro que “ o que [REDACTED] [REDACTED] demandaba, non era información, tal e como se fai referencia na súa queixa, se non a descrición absoluta e total dos procesos e pasos seguidos polos funcionarios no desenvolvemento do seu traballo, no referente a ofertas, orientación, formación. Tamén reclama información sobre Internet, para acceder as distintas administracións e despois pedir información dos programas que xa non están vixentes.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada pola Lei 19/2013, de 9 de decembre, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico, e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo á que se remiten as anteriores.

Primeiro.- Competencia

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que, contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo.

O artigo 33 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, indica que corresponde á Comisión da Transparencia a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Segundo.- Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno preceptúa que o seu procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, de 9 de decembre, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, para as reclamacións perante o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno.

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, pola súa parte, sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, e que se axustará

na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro.- Dereito de acceso á información pública

- **Ámbito material**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida, como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

- **Lexitimación**

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembre, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que a persoa solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información, no seu artigo 26.4.

- **Limitacións que poden afectar ao seu exercicio:**

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, prevé nos artigos 14 e 15 uns límites ao dereito ao acceso, por razón da materia e por mor da protección dos datos de carácter persoal. Todas as solicitudes, que non entren dentro destes límites deberán ser atendidas, agás que existan limitacións e así se xustifiquen debidamente co chamado test de danos, ou algunha das causas de inadmisión do artigo 18 desta lei.

Cuarto.- Análise do expediente

A reclamación trae a súa orixe en tres informes da oficina de Emprego de Baiona, aos que a reclamante tivo acceso nunhas queixas presentadas ante o Valedor do Pobo e dos que obtén copia entre os anos 2014 e 2016. Dende entón demanda que a Consellería lle aclare a situación. Os tres informes xa están en poder da reclamante. Os programas que se refire a interesada xa lle foron achegados a interesada nos expedientes RSCTG 3/2016 e RSCTG 4/2016. A petición en realidade corresponde a Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Como se ve nos antecedentes o que busca a interesada non son os programas ou informes, que xa ten a súa disposición se non que se valore o contido dos tres informes, por tanto se demanda unha valoración a partires dunhas premisas. Esta Comisión entende que esta solicitude non forma parte do concepto de información pública legalmente definida no artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e que fai referencia a *“contidos e documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación do título I da lei 19/2013, do 9 de decembro, e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións”*.

Quinto.-

En conclusión procede desestimar a petición da interesada do 10 de outubro, por ter a súa disposición a información pública demandada, e quedar o resto das peticións fora do concepto de información pública legalmente definida.

RESOLUCIÓN

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

Primeiro. Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] con data 10 de outubro de 2016, contra a Consellería de Economía, Emprego e Industria por xa ter os programas a súa disposición e non tratarse, o resto das cuestións dunha solicitude de acceso á información pública.

Segundo. Notifíquese a Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, o interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte a notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.2 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2016

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga